

I Convocatoria de adscrición individual ao Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) para persoal investigador da UDC

Índice

Preámbulo	2
1. Persoal que poderá solicitar a súa adscrición ao CICA	3
2. Procedemento de avaliación	5
3. Comisión de avaliación	6
4. Prazos e procedemento de presentación de solicitudes	7
5. Listaxe de solicitudes e resolucións.....	7
6. Contacto e resolución de dúbidas.....	7
ANEXO I - Liñas estratéxicas de investigación.....	8

Preámbulo

O Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) da Universidade da Coruña (UDC) naceu coa expansión e o desenvolvemento que experimentaron os grupos de investigación relacionados coa Bioloxía e a Química durante os últimos anos na UDC e para proporcionarlles unha localización axeitada ás súas necesidades e demandas, e consonte a unha axeitada estrutura organizativa da actividade universitaria.

Por outra banda, a **Normativa de creación de centros de investigación da Universidade da Coruña** (aprobada polo Consello de Goberno na súa sesión do 26/11/2020 e modificada en Consello de Goberno na súa sesión do 25/03/2021), no seu artigo 9 indica:

3. A adscrición a un centro realizarase de maneira individual, exclusivamente para efectos da actividade de investigación, desenvolvemento e innovación, e sen perda da adscrición ao departamento/facultade/escola e grupo de investigación a que pertenza nin menoscabo das súas obrigas. Ningún investigador ou investigadora poderá estar simultaneamente adscrito a máis dun centro de investigación da UDC, salvo no caso de centros interuniversitarios segundo a proporción que se estipule.

4. O PDI, permanente e non permanente, así como as figuras derivadas das políticas de captación de talento posdoutorais —como InTalent, Beatriz Galindo e Ramón y Cajal— que soliciten adscribirse ao centro deberano solicitar de maneira expresa e presentar a documentación que, no seu momento, a dirección do centro lle solicite. No caso de que o/a investigador/a pertencese a un centro de investigación antes de se adscribir ao novo centro deberá presentar o documento de desvinculación do centro saínte.

Ademais, segundo o artigo 3 do **Regulamento do CICA**, aprobado polo Consello de Goberno o 28/04/2021, no seu artigo 3 indica que:

1. *Son membros do CICA:*

- a) O persoal investigador (PDI), funcionario ou con relación contractual coa UDC adscrito ao centro segundo a normativa de adscrición individual, así como outro persoal investigador procedente de convocatorias de captación de talento, ciencia excelente ou similares.*
- b) O persoal investigador en formación, que conte coa dirección dun investigador/a adscrito/a ao CICA.*
- c) O persoal técnico de xestión, laboratorio ou informático.*
- d) O persoal de administración e servizos (PAS) da UDC adscrito ao centro.*
- e) O persoal investigador colaborador doutras entidades que conte cunha probada traxectoria profesional de excelencia. Poderá ser proposto por un membro permanente do centro ou da Comisión Asesora Externa e deberá contar coa aprobación expresa do Comité de Dirección (Comisión Interna). Esta figura terá un carácter excepcional e o seu número non poderá superar o 20 % do total de membros.*

2. Logo da proposta expresa da Comisión Interna corresponde ao/a reitor/a adscribir ao CICA o PDI e o resto de persoal.
3. A relación do persoal investigador adscrito estará actualizada na páxina web do CICA.
4. O CICA conta cunha Oficina de Xestión cuxa finalidade é a de dar soporte ao centro en calquera aspecto que sexa necesario e o seu persoal estará adscrito automaticamente.
5. A perda da condición de membro do CICA prodúcese:
 - a) Por renuncia expresa da persoa adscrita, que deberá ser aceptada pola Comisión Interna.
 - b) Por resolución expresa do/a reitor/a a proposta da Comisión Interna en caso de incumprimento grave dos compromisos científicos, éticos ou financeiros, ou polas avaliacións periódicas negativas realizadas pola Comisión Asesora Externa ou outras comisións.
 - c) Por mutuo acordo.
 - d) Por perda da vinculación coa UDC.

Finalmente, a Comisión Interna do CICA aprobou o 11/05/2021 a **Normativa interna de adscrición ao CICA** en aplicación do seu Regulamento interno e da Normativa de creación de centros da UDC.

Neste marco publícase esta convocatoria de adscrición individual ao CICA.

1. Persoal que poderá solicitar a súa adscrición ao CICA

1.1. Poderá presentarse a esta convocatoria de adscrición individual o **persoal investigador (PDI), funcionario ou con relación contractual coa UDC**, que cumpra, polo menos, **unha** das seguintes premisas:

- Formar parte dun grupo de investigación da UDC xa adscrito ao CICA segundo as resolucións das convocatorias de pertenza ao CICA do 08/11/2012 e do 13/01/2019.
- Estar incluído/a no catálogo de investigación da UDC e que, sen pertencer a ningún dos grupos adscritos ao CICA, formase parte dalgún grupo da Agrupación Estratéxica CICA-INIBIC no período 2018-2020.
- Ter unha axuda de captación de talento posdoutoral ou de ciencia excelente, estea adscrito/a ou non a algún grupo do CICA.

Ademais, as súas liñas de investigación teñen que ser acordes coa Axenda Científica de Investigación do centro.

- 1.2. A adscrición dos/as [investigadores/as en formación](#) e dos/as [técnicos/as](#) será responsabilidade do seu/súa director/a de tese ou investigador/a principal (IP). Para isto os/as directores/as ou IPs deberán presentar, unha vez sexa aceptada a súa propia solicitude de adscrición ao centro, unha listaxe que conteña, polo menos, a seguinte información dos/as investigadores/as en formación: nome e apelidos, tipo de relación laboral e a súa duración, así como os datos de contacto (teléfono móbil e enderezo electrónico), segundo o modelo que se lles proporcionará. Ademais, será necesario que este persoal estea dado de alta no catálogo de investigación da UDC.
- 1.3. O [persoal da Oficina de Xestión do CICA](#) e o persoal contratado con cargo aos [programas e proxectos estruturais do CICA](#), de habelos, estará automaticamente adscrito ao centro sen necesidade de cumprir os criterios mencionados no apartado 1.1.
- 1.4. A [listaxe de grupos da UDC adscritos ao CICA](#) segundo as resolucións das convocatorias de pertenza ao CICA do 08/11/2012 e do 13/01/2019 é a seguinte:
- Bioenxeñaría Ambiental e Control de Calidade (BIOENGIN)
 - Bioloxía Costeira (BIOCOST)
 - Diagnóstico condutual e molecular aplicado á saúde (DICOMOSA)
 - Enxeñaría Química Ambiental (EnQA)
 - Estudio e Aplicacións das Microalgas (MICROALGAE)
 - Enfermidades Endócrinas, Nutricionais e Metabólicas (FENM)
 - Fisioloxía e Aplicacións das Plantas (FISAPLANT)
 - Grupo de Investigación en Bioloxía Evolutiva (GIBE)
 - Grupo de Investigación en Cambio Ambiental (GRICA)
 - Metais no Medio Ambiente e Medicina (METMED)
 - Neuroanatomía de Vertebrados (NEUROVER)
 - Neurociencia e Control Motor (NEUROcom)
 - Química Analítica Aplicada (QANAP)
 - Química Molecular e de Materiais (QUIMOLMAT)
 - Reactividade Química e Fotorreatividade (REACT!)
 - Regulación da Expresión Xénica e Aplicacións (EXPRELA)
 - Terapia Celular e Medicina Rexenerativa (TCMR)
 - Xenética de Organismos Mariños (XENOMAR)
 - Xestión Sostible dos Recursos Hídricos e do Solo (AQUATERRA)

2. Procedemento de avaliación

O proceso levarase a cabo da seguinte maneira:

1. **Presentación das solicitudes individuais** por parte do persoal investigador que cumpra cos criterios mínimos, para o que se habilitara un formulario en *Forms*.

Os criterios de avaliación son os indicados a continuación:

- 1.1. Para poder ser admitido/a como membro do CICA, ademais de cumprir os requisitos de avaliación sinalados nos apartados seguintes, deberá acreditar que a/as **liña/s de investigación** principais que está a desenvolver, e a súa produción científica asociada, se atopan **no ámbito do CICA**. A comisión de avaliación (Comisión Interna) valorará o encaixe das liñas coa Axenda Estratéxica de Investigación do centro e contará para isto co asesoramento da Comisión Asesora Externa. (**ver ANEXO I - Liñas estratéxicas, páx. 8**)
- 1.2. Os/as investigadores/as deberán acreditar ante a Comisión Interna polo menos **UN** dos seguintes requisitos:
 - Ter unha **cualificación A ou B en vigor** obtida na avaliación externa da actividade investigadora realizada pola “Subdivisión de Coordinación y Evaluación” (extinta **ANEP**), encadrada na “Agencia Estatal de Investigación (SCE-AEI)”.
 - Ter publicacións científicas durante o período 2015-2018 cun **impacto normalizado igual ou superior a 1,5** respecto ao valor medio mundial nas súas respectivas áreas de especialización (utilízase o criterio da última convocatoria vixente de María de Maeztu). Poderá proporcionarse o valor que xa calculou a Unidade de Análise e Xestión de Datos (AXD) da UDC, segundo o *email* enviado o 06/04/2021, solicitándoo a cica@udc.gal.
 - Ser persoal **investigador de programas de captación de talento ou ciencia excelente** (ERC, Ramón y Cajal, Juan de la Cierva incorporación, Beatriz Galindo, atracción e retención de talento Xunta de Galicia, JIN, InTalent...).
- 1.3. As solicitudes daqueles/as investigadores/as **que non cumpran ningunha das condicións do apartado 1.2.**, serán sometidas a unha revisión máis exhaustiva por parte da Comisión Interna, coa colaboración da Comisión Asesora Externa, quen determinará a súa admisión. Ademais, para que esta revisión se leve a cabo, deben cumprir co seguinte:
 - Ter un **sexenio de investigación activo** (salvo que se acredite non telo, por non ter aínda a oportunidade de solicitalo) e cumprir estas **dúas** condicións nos últimos 4 anos (**01/05/2017 a 30/04/2021**):
 - a) Ter un mínimo de 3 publicacións no JCR, sendo polo menos 2 delas dunha revista Q1.
 - b) Ter participado, como mínimo, en 1 proxecto de convocatoria pública ou privada competitiva nacional ou internacional, ou en 1 contrato de transferencia.

Se non cumpre estes requisitos mínimos, a súa solicitude non será enviada a comisión avaliadora.

2. **Revisión por parte da comisión avaliadora** da información incluída nas solicitudes, o CVA do persoal investigador e o encaixe das súas liñas de investigación coas do CICA.

Aqueles/as investigadores/as que se atopen dentro do apartado 1.3 serán sometidos a unha revisión máis exhaustiva, que determinará se a súa solicitude é concedida.

3. **Emisión dun informe** por parte da comisión avaliadora, que incluírá unha listaxe das persoas que solicitaron a adscrición e cunha cualificación ao seu lado que poderá ser:
 - **A:** o seu perfil axústase perfectamente as liñas do centro e ten un CV excelente.
 - **B:** o seu perfil axústase perfectamente as liñas do centro e ten un CV adecuado.
 - **C:** as súas liñas de investigación encaixan no CICA e o seu CV indica unha proxección futura que xustifica a súa adscrición, ou ben, desenvolve liñas de investigación consideradas estratéxicas para o centro.
 - **D:** as súas liñas de investigación non están aliñadas coas do CICA ou o seu CV aínda non ten os estándares de calidade necesarios.

A cualificación outorgada a cada solicitante será confidencial, non obstante, a persoa interesada en coñecer a súa, poderá solicitala á dirección do CICA (cica@udc.gal).

4. **Publicación da resolución provisional** coa listaxe daquelas persoas que a comisión propón para a adscrición, que serán aquelas cunha cualificación de A, B ou C (segundo as cualificacións recollidas no punto anterior, *punto 3 do apartado 2. Procedemento de avaliación*).

Tamén se incluírá unha listaxe daquelas cuxa solicitude de adscrición é rexeitada.

5. **Prazo de reclamacións** de 5 días naturais. Revisaranse as reclamacións que se reciban e estudaranse de xeito individualizado.
6. **Publicación da resolución definitiva** coa listaxe daquelas persoas que a Comisión Interna propón ao reitor para a súa adscrición.
7. **Adscrición** por parte do reitor.

3. Comisión de avaliación

A comisión encargada de avaliar as solicitudes será a Comisión Interna (Comité de Dirección) do CICA e contará coa colaboración da Comisión Asesora Externa.

A Comisión, de darse o caso, analizará de maneira individual situacións excepcionais que puideran presentarse e que non estean contempladas nesta normativa, apoiando as súas decisións nos órganos asesores que considere.

4. Prazos e procedemento de presentación de solicitudes

Establécese un **prazo de 10 días naturais**, desde a data de publicación desta convocatoria na web do CICA, para a presentación de solicitudes, é dicir, até o 21/05/2021 ás 23:59 h.

O procedemento para a presentación de solicitudes é o que se explica a continuación:

- 1) Cubrir o formulario electrónico na seguinte ligazón: <https://forms.office.com/r/b2d1DpRZxc>.
- 2) Unha vez cuberto e enviado, gardar o documento e asinalo, preferentemente de xeito electrónico no “portafirmas”, e remitilo a cica@udc.gal antes do peche da convocatoria.

As solicitudes deberán realizarse de **xeito individual**, unha por cada persoa que queira ser adscrita ao CICA.

5. Listaxe de solicitudes e resolucións

Todas as listaxes de solicitudes e resolucións serán publicadas na páxina web do CICA, sección Convocatorias propias (<https://cica.udc.gal/gl/convocatorias>). Os documentos que se publicarán son os seguintes:

1. **Listaxe provisional de solicitudes admitidas e excluídas** cun prazo de 2 días para emendar a posible falta de documentación.
2. **Listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas**.
3. **Resolución provisional** coa listaxe proposta para a adscrición e con aquelas solicitudes rexeitadas. Publicarase nun prazo máximo de 21 días naturais despois da data de finalización de presentación de solicitudes.
Contra esta resolución provisional abrirase un período de reclamación de 5 días que contará desde a data de publicación da resolución.
4. **Resolución definitiva** transcorrido o prazo de reclamacións contra a resolución provisional.

6. Contacto e resolución de dúbidas

As dúbidas de carácter xeral sobre o proceso de adscrición ou incidencias que puidesen xurdir serán respondidas no enderezo electrónico promocion.cica@udc.gal ou no teléfono 881015582.

ANEXO I

Liñas estratéxicas de investigación

- Enfermidades crónicas
- Enfermidades infecciosas
- Envellecemento
- Medicina rexenerativa
- Neurociencia
- Moléculas bioactivas e de diagnóstico
- Nanotecnoloxía
- Novos materiais
- Métodos de síntese
- Alimentación funcional e nutrición saudable
- Produción primaria responsable (pesca, forestal, agricultura e acuicultura)
- Contaminación e saúde